



Exp. Núm.: 2024027991

Convocatoria de subvencións a asociacións de veciños para o funcionamento e a realización de programas ou actividades a favor do asociacionismo veciñal e da Participación Cidadá 2024.

A Concellería de Participación Cidadá do Concello de Ourense procede a convocar axudas en materia de actividades veciñais para o exercicio 2024, que corresponden coa Liña I do Plan estratéxico de subvencións da Concellería de Participación Cidadá 2024-2026, en consonancia co procedemento que aparece recollido nas bases reguladoras da concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o funcionamento e a realización de programas e/o actividades a favor do asociacionismo e da Participación Cidadá que se tramitan no mesmo expediente.

PRIMEIRO.- SOLICITUDES: PRAZO E FORMA

As solicitudes serán presentadas no Rexistro Electrónico do Concello de acordo con o artigo 14.2 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegarán a documentación requirida nas Bases reguladoras.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles, que comezarán a contar desde o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.- LUGAR ONDE SE PODEN OBTER As BASES E FORMULARIOS

As Bases reguladoras, esta convocatoria e os formularios estarán ao dispor das persoas interesadas na páxina web do Concello www.ourense.gal, así como no Servizo de Participación Cidadá dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- PROCEDEMENTO

O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva. En todo aquilo non previsto nas bases reguladoras estarase ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, no seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

CUARTO.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

A asociacións deberán presentar a documentación para a xustificación da subvención concedida detallada na Bases reguladoras e no prazo establecido na Base 13.

LIÑA I — Actividades e funcionamento de asociacións veciñais.

A.- OBXECTIVOS

É obxecto desta convocatoria a concesión de subvencións da Liña 1 do Plan estratéxico de subvencións de Participación Cidadá, destinadas á realización de programas ou actividades veciñais, entendendo como tales as actividades lúdicas, festivas, culturais e deportivas que non contén con axudas municipais específicas, cuxo obxectivo sexa mellorar a convivencia, e que favorezan a relación, colaboración e integración entre a veciñanza.





Concello de
OURENSE

Participación Cidadá

CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Praza San Martiño núm. 2, baixo

32005 – Ourense

Tfno.: 988 248 890

www.ourense.gal

coordinador.participación@ourense.gal

B.- BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias as Asociacións de veciños con personalidade xurídica propia que reúnan os requisitos xerais establecidos no artigo 3 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na base 3 desta convocatoria.

C.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A subvención regulada nesta convocatoria concederase con cargo á aplicación orzamentaria 300 9240 48956 dos orzamentos do Concello de Ourense para o exercicio en curso, cun orzamento de 125.0000 € (RC 202400026105)

D.- CONTÍA

A contía das subvencións estará en función do custo dos programas e dos recursos cos que se conte para cubrir estes parcialmente. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que supere o 75% do orzamento do proxecto nin os 4.000 € por solicitante.

E.- ENTRADA EN VIGOR

Entrará en vigor coa publicación do extracto da convocatoria no B.O.P.

Ourense, na data da firma electrónica
O coordinador de Participación Cidadá

José Antonio Pérez Domínguez

A xefa de Servizo de Cultural, Participación Cidadá e Xuventude(Decreto 2024005091)

Silvia Alonso Fernández.



Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 6/2020.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:EFFGVNHA05RSWIZ8